

Presentación da materia/módulo

Materia	Lingua Castelá e Literatura	Curso	2º ESO
----------------	------------------------------------	--------------	---------------

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	<p>Lectura, comprensión e composición de textos.</p> <p>A linguaxe e as linguas: realidade plurilingüe de España, a variedade dialectal do castelán; os prexuízos estereotipos lingüísticos. A linguaxe dos signos.</p> <p>Gramática: as palabras e os sintagmas.</p> <p>Ortografía: o til diacrítico.</p> <p>Léxico e semántica: valores connotativos e denotativos segundo o contexto e a intención.</p> <p>Educación literaria: o xénero narrativo.</p>
2ª Avaliación	<p>Lectura, comprensión e composición de textos.</p> <p>Comunicación: os textos expositivos. O texto e as súas propiedades: coherencia, cohesión e adecuación. Os textos dialogados</p> <p>Gramática: a oración: suxeito e predicado. As oracións impersoais. Voz activa e voz pasiva.</p> <p>Ortografía: acentuación de ditongos e tritongos.</p> <p>Léxico e semántica: as relación semánticas (sinonimia, antonimia, polisemia e homonimia).</p>
3ª Avaliación	<p>Lectura, comprensión e composición de textos.</p> <p>Comunicación: o texto e as súas propiedades: deixis e conectores. Tipos de textos segundo a intención comunicativa.</p> <p>Gramática: as modalidades oracionais.</p> <p>Educación literaria: comprensión, análise e creación de textos líricos.</p>

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos	Peso
Traballo diario dentro e fóra da aula	10%
Exame de avaliación	50%
Control	20%
Tarefa(s) por avaliación	10%
Obra de lectura	10%

TRABALLO DIARIO: Valorarase:

0,5 polo traballo realizado na casa (traer feitos os exercicios que se piden; facer as revisións e as corrección oportunas dos mesmos cando se corrixen na clase). 0,5 polo traballo realizado na aula (seguimento das explicacións, participación, preguntar dúbidas, saír voluntario/a nas clases)

Presentación da materia/módulo

EXAMES:

En cada avaliación farase un exame no que entrará a materia de todo o trimestre; valorarase sobre 5. Poderase descontar ata 0´5 puntos por erros de ortografía reiterados e/ou redacción (0,1 por cada dúas faltas nas grafías; 0,1 por cada dous erros nos signos de puntuación; 0,1 por cada dous fallos de redacción; 0,01 por cada falta na acentuación das palabras).

CONTROL:

Realizarase un control, aproximadamente a mediados de cada trimestre, sobre a materia vista ata ese momento e cunha puntuación de 2 puntos.

OBRAS DE LECTURA:

Terán que facer unha lectura obrigatoria por avaliación:

- 1ª avaliación: *Campos de fresas*, Jordi Sierra i Fabra.
- 2ª avaliación: *El niño con el pijama de rayas*, John Boyne.
- 3ª avaliación: *Nunca seré tu héroe*, María Menéndez Ponte.

Sobre cada unha deberán realizar un control de lectura polo que poderán acadar ata 1 p.

TAREFAS:

En cada trimestre realizarase unha ou dúas pequenas tarefas, que se puntuará(n) sobre 1 e que se terá(n) en conta tamén a final de curso para valorar a adquisición das competencias clave. O traballo realizarase de forma individual ou en parellas e consiste na elaboración de textos de tipoloxías variadas.

A nota da avaliación será a suma de: nota do exame de avaliación, nota do control, nota pola(s) tarefa(s), nota polo traballo diario dentro e fóra da aula e nota sobre a lectura obrigatoria. Aprobarán aqueles alumnos/as que acaden unha nota \geq 5.

A nota final da materia na convocatoria ordinaria será a media aritmética entre as tres avaliacións.

O alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento terá dereito a unha proba de recuperación na que entrarán todos os contidos do curso. Para aprobar a materia será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 5.